

Actualidade > Ficha da nova

Ficha da nova

Enviar comentario

Unha cerdeira en Castro Ribeiras de Lea por Xabier P. DoCampo

A Homenaxe O Escritor na súa Terra, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), chega este ano á súa XX edición recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de Xabier P. DoCampo, que será homenaxeado mañá sábado 21 de xuño en Castro de Ribeiras de Lea, terra onde se criou. Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de dúas décadas como unha celebración na que a terra de orixe do homenaxeado cobra un protagonismo fundamental. É vontade da AELG honrar escritores e escritoras procurando o contacto directo co autor e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe. Trátase dunha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos que serán desta volta a entrega do galardón Letra E (unha peza escultórica de Silverio Rivas), a plantación dunha árbore simbólica (unha cerdeira elixida polo propio autor), a colocación dun monólito conmemorativo e a atribución do nome do homenaxeado a un espazo público, neste caso á avenida da Casa da Cultura de Castro Ribeiras de Lea.



O autor recibe a homenaxe da AELG e da súa veciñanza

[Cultura](#) • 20/06/2014 • Autor: Redacción

Este que segue é o programa de actos da xornada de homenaxe a Xabier P. DoCampo

- 11:30 h. Casa da Cultura de Castro Ribeiras de Lea (Avenida da Terra Cha, 17).

Descubrimento do Monólito conmemorativo e plantación da cerdeira (árbore simbólica do escritor).

Intervención:

- Cesáreo Sánchez, Presidente da AELG.
- Mario Outeiro, Deputado delegado de Cultura da Deputación Provincial de Lugo
- Francisco Xosé Fernández Montes, Alcalde de Rábade.

- Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde de Castro de Rei.
- Xabier P. DoCampo.

Descubrimento da placa que atribúe o nome do homenaxeado á avenida (Avda. Xabier P. DoCampo).

Acto de entrega da “Letra E” (Casa da Cultura de Castro Ribeiras de Lea).

Interveñen:

- Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde de Castro de Rei.
- Mercedes Queixas Zas, Secretaria Xeral da AELG.
- Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG.
- Agustín Fernández Paz: Laudatio.

Entrega da peza escultórica do artista Silverio Rivas.

•Intervención do homenaxeado: Resposta á laudatio por parte de Xabier P. DoCampo.

- 14:00 h. Xantar de confraternidade. Restaurante Río Lea (Avenida da Terra Cha, 54).

Comentarios:

< VOLTAR

